

R. 2177

**CONCELLOS****BARREIROS***Anuncio***APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2025**

Conforme dispoñen os artigos 112 da Lei 7/85 de 2 de abril, e 169 do RD lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, encontrase exposto ó público na secretaría municipal e na sede electrónica do concello (<https://barreiros.sedelectronica.es>), a efectos de reclamacións, o Orzamento Xeral da Entidade para o exercicio 2025 aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 28 de xullo de 2025.

Os interesados que estean lexitimados segundo o disposto no artigo 170.1 do RD lexislativo 2/2004, a que se fixo referencia, e polos motivos taxativamente numerados no artigo 170.2, poderán presentar reclamacións nos quince días hábiles a partir do seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Barreiros, 29 de xullo de 2025.- A Alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 2198

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN E USOS EN TERRAZAS NO CONCELLO DE BARREIROS.**

No pleno do 28 de xullo de 2025 aprobouse definitivamente o texto da Ordenanza reguladora da instalación e usos en terrazas no concello de Barreiros, unha vez resoltas as alegacións recibidas, e procedese á publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor:

**ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN E USOS EN TERRAZAS NO CONCELLO DE BARREIROS.****Exposición de Motivos**

A presente ordenanza vén regular, dentro da esfera da competencia municipal e ao abeiro do establecido na Lei 7/1985, de bases de réxime local e na Lei 33/2003, do 2 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, a instalación de terrazas de hostalaría no espazo de uso público do concello de Barreiros.

O propósito desta Ordenanza, é dar resposta aos lexítimos intereses económicos do sector da hostalería conxugado co dereito dos veciños ao uso deste espazo público, ao libre tránsito polo mesmo e o seu goce, en especial garantindo o principio de accesibilidade universal para todas as persoas.

A hostalería constitúe unha actividade económica importante neste concello, dando resposta as necesidades de ocio e lecer da veciñanza, vitalizadora, dinamizadora e ferramenta necesaria para o fomento turístico.

Nos últimos anos a instalación de terrazas de hostalería na vía e espazos públicos, ten cobrado máis dinamismo, e cada vez son máis os establecementos que desexan ofertar estas instalacións complementarias ao negocio principal os seus clientes.

Ante a limitación do espazo público e a necesidade de conciliar os diferentes intereses incursos faise necesario regular aqueles elementos da actividade hostaleira que poidan interferir con outros intereses tamén lexítimos. É necesario pois unha regulación integral que atenda e dea resposta as necesidades dos diferentes sectores, poñendo en primeiro termo a salvagarda dos intereses públicos e da cidadanía.

A instalación de terrazas de bares, cafeterías e restaurantes nas vías ou espazos públicos pode derivar en problemas para a cidadanía, que ten que compartir o uso de ditos espazos. Para evitar que xurdan estes problemas o máis axeitado é regular este tipo de usos, que poden constituír un beneficioso factor para aumentar a utilización e o disfrute pola cidadanía dos espazos públicos e contribuir a convertilos en lugar de estancia, convivencia e relación. Pero todo isto dentro de unha ordenación que garanta os intereses xerais, os usos que indubidablemente deben ser considerados preferentes, a seguridade, a tranquilidade e o ornato públicos, o medio ambiente e a paisaxe. Unha ordenación que evite o exceso ou o abuso e que acabe por amparar unha apropiación dos espazos públicos.

Entre os intereses a protexer débese considerar a liberdade de tránsito dos viandantes no respecto ao principio de accesibilidade universal garantindo o tránsito sen obstáculos daqueles dos nosos cidadáns con problemas de mobilidade; a non interferencia co tráfico rodado; a non obstaculización o movemento do servizo de emerxencia; a non interferencia na actividade económica doutras empresas e negocios; o respecto as edificacións, mobiliario urbano e elementos artísticos da contorna; a paisaxe urbana; e a non perturbación do medio ambiente unha de cuxas manifestacións máis relevantes é o dereito dos veciños a non verse molestos nas súas actividades diarias e descanso, especialmente no ámbito da inviolabilidade domiciliaria.

Atendendo aos citados fins, a Lei 9/2013 de Galicia (transposición da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de decembro, relativa ós servizos no mercado interior) do emprendemento e a competitividade económica de Galicia somete a actividade de terrazas ao réxime de licenzia municipal previa.

As instalacións reguladas nesta ordenanza quedarán suxeitas, ademais, á normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas, de protección do patrimonio, accesibilidade e supresión de barreiras, de protección do medio ambiente, así como calquera outra normativa sectorial que resulte de aplicación, polo que as súas determinacións serán plenamente esixibles aínda cando non se faga expresa referencia a elas nesta Ordenanza.

Esta ordenanza, ademais de regular especificamente a instalación de terrazas en terreos de uso público, regulará tamen no seu artigo 7, a limitación dos niveis de transmisión sonora das terrazas, neste caso, tanto das ubicadas en terreos públicos ou privados, xa que esta é unha das principais inxerencias da veciñanza en relación a este tipo de establecementos, e os inconvenientes que podan derivar desta circunstancia son iguais para as terrazas ubicadas en terreos públicos ou privados.

É claro que unha terraza cun funcionamento normal non debería acarrear ningún problema de contaminación acústica para a veciñanza, sen embargo, e sobre todo en época estival, moitos destes establecementos, que funcionan principalmente de tempada, están interesados en realizar actuacións musicais nas propias terrazas, que non forman parte da súa actividade ordinaria, non contando con medidas correctoras para evitar a transmisión excesiva de ruído. Isto si que pode resultar un problema para a veciñanza, posto que na época estival non todo o mundo está de vacacións e aínda quen están tamén teñen dereito ao seu descanso e tranquilidade.

Trátase, polo tanto, de regular unha actividade excepcional e non vinculada á actividade autorizada nas licenzias que amparan o funcionamento dos establecementos que contan con terrazas; quedando a salvo desta aplicación aquelas actividades que estean amparadas polas licenzias legalmente outorgadas pola categoría de establecemento. Deste xeito, os establecementos que pretendan converter en ordinarias actividades que teñen carácter de excepcional na súa categoría, deberán adaptarse para cumprir coas normativas que regulan os establecementos que incorporan ditas actividades nas súas licenzias. Ao contrario, estaríase favorecendo actividades non amparadas pola regulamentación e, polo tanto, fomentando prácticas desleais con aqueleas actividades que se prestan ordinaria e acordes á normativa. Como o concello non conta con medios suficientes para controlar de forma xeral os niveis de ruído emitidos por este tipo de actividades extraordinarias, non cabe outra que ser restrictivos na súa autorización, para preservar o interese xeral.

## Capítulo I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. Obxecto

Esta ordenanza municipal ten por obxecto establecer o réxime xurídico aplicable á instalación e funcionamento das terrazas, con ou sen pechamento estable, en terreos de uso público, anexas aos establecementos abertos ao público, con excepción dos recintos de feiras e festexos populares que se autoricen polo Concello e coa excepción do recollido no artigo 7, que se aplicará tamén ás terrazas ubicadas en terreos privados.

#### Artigo 2. Definicións.

**Terrazas:** Son as instalacións formadas por mesas, sillas, sombrillas, toldos, xardineiras e outros elementos do mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma anexa ou accesoria a un establecemento principal de bar, cafetería, restaurante, bar-restaurante, café-bar, pub, chiringuito e outras similares. So poderán realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento do que dependen.

**Música ambiental:** aquela música que crea unicamente atmósfera sonora que permita facilmente a realización doutras actividades de sociabilización no mesmo tempo e espazo.

#### Artigo 3. Normativa aplicable

As instalacións reguladas nesta ordenanza quedarán suxeitas, ademais, á normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas, de protección do patrimonio, accesibilidade e supresión de barreiras, de protección do medio ambiente, así como calquera outra normativa sectorial que resulte de aplicación, polo

que as súas determinacións serán plenamente esixibles aínda cando non se faga expresa referencia a elas nesta Ordenanza.

#### **Artigo 4. Autorizacións**

A implantación destas instalacións, cando se pretendan implantar en solo público, require a previa obtención de licenza municipal, nos termos previstos por esta ordenanza. O documento da licenza e o seu plano de detalle, ou unha copia dos mesmos deberán atoparse no lugar da actividade visibles para os usuarios e veciños e a disposición do persoal municipal ou dos axentes da autoridade que o reclamen.

A licenza deberá solicitarse con unha antelación de 30 días ó inicio da actividade.

A licenza será outorgada polo órgano municipal competente de conformidade coa normativa aplicable e deberá incluír, polo menos, as dimensións do espazo sobre o que se autoriza, a súa situación e delimitación, sinalización do espazo, os elementos que a compoñen indicando número de elementos, o tipo de material e a cor dos mesmos, o horario, e as limitacións ás que queda condicionada. Nas terrazas con pechamento estable indícanse ademais as súas características e dimensións. En todo caso, xunto coa autorización deberá figurar copia do plano de detalle da instalación que serviu de base á súa concesión, debidamente cotexado polo Concello.

O órgano municipal competente denegará a autorización nos espazos de uso público considerados como saturados a efectos de instalación de terrazas. Entenderase por espazo saturado aquel no que, por criterios de interese público, a determinar polo concello, a ocupación pola concorrencia de terrazas menoscabe o uso público do espazo ou condicione dalgún xeito o interese xeral.

Non se autorizará máis dunha terraza por establecemento.

Non se autorizarán terrazas no interior de espazos axardinados.

Preservarase o arboredo e vexetación da paisaxe e dos ambientes e condicións estéticas dos lugares e edificios, aínda que non contén con ningún tipo de protección específica nas lexislacións sectoriais.

No caso de prazas e espazos libres ou singulares, e no seu contorno inmediato, nos que poida ser necesario distribuír un espazo limitado entre varios establecementos con opción a ocupalo, o concello resérvase o dereito a determinar na autorización o número máximo de módulos da terraza, as condicións ou restricións que se estimen adecuadas, así como o seu concreto asentamento. O órgano municipal competente poderá denegar solicitudes por razóns da distribución do espazo ou interese público sen dereito a indemnización algunha.

En calquera caso deberá protexerse o uso e os dereitos e intereses dos usuarios dos edificios achegados.

As solicitudes para a instalación de terrazas en zonas peonís resolveranse segundo as peculiaridades de cada caso concreto, atendendo ás circunstancias do entorno, impacto visual, fluxo de persoas e vehículos autorizados, normativa de accesibilidade, acceso a portais e vaos, así coma outras que se estimen pertinentes.

Cando concorran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización do solo para o destino autorizado na correspondente licenza, tales como obras, acontecementos públicos, situacións de emerxencia ou calquera outra, aquela quedará sin efecto durante o tempo necesario ata que se extinga aquela circunstancia.

As licenzas quedan condicionadas a posibilitar a utilización ou reparación de calquera instalación municipal que estivese na súa área de ocupación.

As licenzas só autorizan a ocupación durante o tempo determinado nelas sin que do seu outorgamento se derive para o seu titular ningún dereito nin expectativa lexítima a obtelas por un novo período nin impida s a súa denegación motivada en futuras ocasións.

As licenzas para instalación de terrazas entenderanse outorgadas a título de precario e supeditadas á súa compatibilidade en todo momento co interese xeral. En consecuencia, poderán ser revocadas, modificadas ou suspendidas sin xerar dereito a indemnización.

Coa licenza regulada nesta Ordenanza valorase exclusivamente a conveniencia da ocupación do espazo público pola terraza e so se autoriza tal ocupación, sin prexuízo do deber de cumprir as demais normas que regulen a actividade e instalacións e de obter as demais autorizacións e títulos administrativos que no seu caso sexan necesarios.

So poderá outorgarse licenza para a instalación de terraza ós titulares de establecementos de hostelería situados nun local próximo que contén con licenza municipal de apertura e que cumpran os demais requisitos legais para o seu funcionamento.

Si se outorgara a licenza de terraza antes de que o local conte con licenza de actividade, os seus efectos, no que respecta á utilización da terraza, quedarán demorados ata que se obteña a mesma. Así mesmo, a eficacia da licenza de terraza queda supeditada ó mantemento da licenza de apertura.

Deberán contar ademais coa pertinente comunicación previa de obra para a instalación de terraza que requira obras para a súa delimitación, xunto coa concesión das demais autorizacións, licenza de actividade, (que será concedida unha sola vez, a non ser que se fagan modificación substanciais.

#### **Artigo 5. Carencia de dereito preexistente**

En virtude das notas de inalienabilidade e imprescriptibilidade dos bens de dominio público, a mera concorrencia dos requisitos necesarios para que a ocupación poda ser autorizada non outorga dereito algún á obtención da licenza. O concello, considerando todas as circunstancias reais ou previsibles, terá a plena liberdade para conceder ou denegar a licenza, en caso de denegación sempre será co obxectivo de facer prevalecer o interese xeral sobre o particular.

#### Capítulo II

#### Condições comúns

#### **Artigo 6. Horario de funcionamento.**

O horario de funcionamento das terrazas será o seguinte:

- O horario de inicio: Con carácter xeral será ás 9:00 horas.

No caso de áreas peonís cun horario habilitado para a realización de labores de carga e descarga, o inicio do horario da instalación virá limitado pola finalización do horario establecido para ditas labores, no seu caso.

Esta circunstancia especificarase na autorización administrativa.

- O horario de peche será:

- As 2:00h de luns a xoves, ambos incluídos.
- As 2:30h os venres, sábados e domingos, festivos e vésperas dos festivos, a non ser que o local da actividade a que está vinculada a terraza teña un horario de peche máis restritivo.

Cumplido o horario máximo de peche da terraza, os establecementos disporán dun máximo de media hora máis para o desaloxo da clientela e recoller a terraza, o cal deberá de realizarse procurando non ocasionar molestias ó vecindario. Durante esa media hora xa non se poderán servir bebidas na terraza.

Non en tanto o preceptuado no apartado anterior, a autoridade municipal poderá reducir o horario xeral atendendo ás circunstancias de índole sociolóxico, medioambiental ou urbanístico que puidesen concorrer en cada caso concreto.

Neste caso, a limitación de horario deberá reflectirse na autorización como unha condición esencial sen a cal esta non sería concedida, podendo establecerse ou modificarse con posterioridade mediante resolución motivada.

En calquera caso o horario de funcionamento non poderá sobrepasar o de funcionamento do establecemento aberto ao público ao que se atope vinculada.

Será posible ampliar o horario en época de festas ou con motivo de eventos de interese xeral, previa autorización municipal.

Non poderán almacenarse na vía ou espazo público os elementos da terraza durante os períodos ou tempadas de non instalación.

#### **Artigo 7. Limitación de niveis de transmisión sonora**

O funcionamento das terrazas, non poderá transmitir ó medio ambiente interior e exterior das vivendas e outros usos residenciais, calquera tipo niveis de ruídos superiores ós máximos establecidos na Orde do 26 de novembro de 2018 pola que se aproba a proposta de Ordenanza de protección contra a contaminación acústica de Galicia coas modificación posteriores que se puidesen establecer na mesma, inda que o concello non conte con normativa específica ó respecto.

Non se permitirá a instalacións nas terrazas de máquinas de xogo (electrónicas ou non) ou máquinas expendedoras .

Estará permitida a música ambiental en todas as terrazas.

Naqueles establecementos cuxa licenza non ampare xa a realización de actuacións musicais en directo ou espectáculos con música amplificada será necesaria autorización específica do Concello para a súa realización.

Estas actuacións excepcionais serán autorizadas en horario máximo de finalización ás 22 horas, excepto venres, sábados e vísperas de festivo, que se poderán ampliar ata as 24horas.

Autorízanse un máximo de dúas actividades por establecemento ao mes, sempre que entre as mesmas transcurra un mínimo de 10 días.

Non se autorizarán actuacións simultáneas deste tipo para terrazas que se atopen a menos de 100 metros unhas das outras.

A solicitude de autorización deberá presentarse, cunha antelación de 7 días hábiles acompañada de seguro de responsabilidade civil que cubra dita actuación, indicando con detalle lugar, horario e características da actuación. En caso de necesidade de autorizacións sectoriais, deberán acompañarse no momento da solicitude.

A falla de resposta por parte do Concello terá carácter desestimatorio.

O concello poderá realizar comprobacións de niveis de transmisión sonora de oficio por razóns de interese xeral e iniciar o correspondente expediente sancionador que, de ser acreditado, suporía o peche da terraza. Tamen poderá iniciar expediente sancionador a solicitude de particulares que se podan ver afectados. Neste caso, a denuncia deberá vir acompañada, obrigatoriamente, dun informe elaborado por técnico competente, no que acredite os niveis de ruído detectados, empregando os procedementos de medición establecidos na normativa autonómica aplicable.

Este artigo e os relativos a infraccións e sancións será aplicable a calquera tipo de terraza inda que o establecemento estea ubicado na súa totalidade en terreos privados, mentras non exista outra regulación específica a nivel municipal para este tipo de supostos.

#### **Artigo 8. Seguro de responsabilidade civil.**

O titular da autorización deberá dispor dun seguro de responsabilidade civil do establecemento principal que deberá estender a súa cobertura, sen franquía algunha, aos posibles riscos que puideran derivarse do funcionamento da terraza.

As contías mínimas serán as establecidas na lexislación en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

#### **Artigo 9. Publicidade**

A publicidade comercial no conxunto de todos os elementos que conforman as terrazas, quedará condicionada á aprobación previa por parte do concello, unha vez presentada a solicitude do interesado/a.

En ningún caso se permitirá publicidade discordante co entorno onde se localice a terraza, que poda causar un gran impacto visual, e que impida a visibilidade tanto dos peóns como do tráfico rodado.

Permítese a colocación do nome do establecemento ou do seu logotipo en toldos, antucas, elementos de protección, cortaventos e valados. O seu deseño e cores deberán ser discretos, de xeito que non resulte significativo no conxunto total da instalación.

#### **Artigo 10. Limpeza, hixiene e ornato público.**

Os titulares da licenza deberán manter as instalacións e cada un dos elementos que a compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. A tales efectos, estarán obrigados a dispoñer dos correspondentes elementos de recollida e almacenamento dos residuos que podan ensuciar o espazo público.

Por razóns de estética e hixiene non se permitirá almacenar ou apilar produtos, materiais ou residuos propios da actividade xunto ás terrazas.

Os titulares da licenza para instalación da terraza na vía ou espazo público, están obrigados ó mantemento permanente da limpeza da zona ocupada pola terraza e a recollela todos os días ó finalizar a xornada.

#### **Artigo 11. Condicións hixiénico-sanitarias e de consumo.**

Serán aplicables ás instalacións obxecto da presente Ordenanza as disposicións contidas na normativa xeral reguladora das condicións hixiénico-sanitarias e de protección dos consumidores e usuarios.

#### **Capítulo III**

Condicións da instalación.

#### **Artigo 12. Condicións xerais.**

A colocación de terrazas deberá, en todo caso, respectar o uso común xeral preferente das mesmas. En consecuencia non poderá supoñer obstáculo para o tránsito peonil nin poderá perxudicar a seguridade deste ou do tráfico rodado.

A implantación das terrazas non impedira o tránsito normal de persoas ou vehículos polas vías públicas, respectando os itinerarios peonís accesibles.

Non estará permitido a instalación de terrazas ou elementos diante da entrada aos portais dos inmobles, entrada ou saída a garaxes autorizados nin en saídas de emerxencia de calquera local autorizado.

No caso de que a instalación de terrazas coincida con elementos de xardinería, mobles urbanos, instalacións alumeadas públicas, ou calquera outra, deberase consultar o concello antes de dispoñer calquera modificación ou desprazamento, sendo sempre a administración a que decida calquera cambio.

En todo caso será sempre necesaria unha fianza para garantir a correcta execución de calquera modificación de elementos urbanos (xardinería, mobles, alumeados, pavimentos ou outras instalacións públicas), por parte do solicitante.

Como regra xeral, a terraza non poderá estenderse máis alá da fachada do propio establecemento, salvo os casos debidamente xustificadas que impidan a súa ubicación, previo estudo e valoración polos servizos técnicos municipais.

Con carácter xeral non poderán ubicarse terrazas si entre elas e o establecemento existe algún tipo de vía con circulación de vehículos, salvo que se trate dunha vía municipal con velocidade controlada e escasa circulación e contando con unha declaración responsable do solicitante de que dita circunstancia non afectará á seguridade dos usuarios da terraza nin ao persoal do local que preste servizo entre o local e a terraza.

Como regra xeral as terrazas non poderán instalarse sobre zonas delimitadas como aparcamentos.

As terrazas estableceranse preferentemente fronte ao establecemento sen afectar aos locais contiguos. Poderá permitirse asentarse fronte a outros locais ou portais cando circunstancias de accesibilidade non permitan outro asentamento ou cando se xustifique que o aproveitamento especial que constitúe a terraza, non impida ou dificulte o uso común xeral, en condicións de seguridade e salubridade.

De lindar con outro establecemento de hostalería establécese unha separación mínima de un metro entre terrazas.

En todo caso a instalación das terrazas deberán respectar as obrigas que podan vir establecidas en autorizacións sectoriais que sexan obrigatorias para o seu establecemento.

Deberá respectarse sempre as condicións concretas de ubicación e distancias que se aproben na correspondente licenza.

#### **Artigo 13. Instalación eléctrica.**

As instalacións de alumeados das terrazas protexeranse cun diferencial de alta sensibilidade, non podendo empregarse como apoio árbore nin o mobiliario urbano debéndose axustar en todo caso ó Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión para instalacións en locais mollados.

Os condutores quedarán fóra do alcance de calquera persoa, non podendo discorrer sobre as beirarrúas.

En ningún caso os focos producirán deslumbramento ou outras molestias á veciñanza, viandantes ou vehículos.

#### Capítulo IV

##### Licenzas

#### **Artigo 14. Transmisibilidade.**

As licenzas que se outorguen serán transmisibles conxuntamente coas dos establecementos. O antigo e o novo titular ou o propietario do local, deberán comunicar esta circunstancia ó Concello.

A explotación da terraza de forma independente non poderá ser cedida en ningún caso.

#### **Artigo 15. Período de funcionamento.**

A licenza poderá ser solicitada para algún dos seguintes períodos de funcionamento:

- O estacional, que comprenderá dende o 1 de xuño ó 30 de setembro, podendo engadir tamen un período entorno á semana santa.
- A licenza pode ser solicitada tamén para o ano natural completo.

Para outras datas ou períodos inferiores, poderá solicitarse licenza cunha duración mínima de un mes.

#### **Artigo 16. Vixencia.**

As licenzas concederanse por un período concreto que virá establecido na mesma.

Transcurrido o período de vixencia, a persoa titular da licenza ou, no seu caso, a do establecemento correspondente, deberá retirar toda a instalación devolvendo a vía ou espazo público ó seu estado anterior.

#### **Artigo 17. Documentación e tramitación.**

As solicitudes de licenza que se presenten para a nova instalación dunha terraza ou para a legalización ou modificación dunha xa existente irán acompañadas da seguinte documentación:

- Datos pessoais da persoa solicitante: nome, apelidos o razón social, domicilio, teléfono, mail e DNI ou CIF.
- Nome comercial e emprazamento da actividade principal.
- Prazo de instalación solicitado.
- Copia da licenza de actividade do establecemento.
- Plano de situación da terraza a escala 1:100 no que se reflecta a superficie a ocupar, todos os elementos de mobiliario, así como a súa clase, número, dimensións e colocación dos mesmos e distancias con todos os elementos do entorno da terraza.
- Documento acreditativo de estar ó corrente do pago da póliza de seguros e documentación onde conste o capital asegurado.
- Autorizacións sectoriais no caso de que fosen necesarias para a concesión da licenza.

#### **Artigo 18. Informes e resolución.**

Formulada a petición, nos termos esixidos nos artigos precedentes, e previos os pertinentes informes, o órgano municipal competente, resolverá sobre a concesión ou non da licenza.

A resolución irá acompañada dun plano detallado da terraza autorizada con todos os datos necesarios para determinar os elementos e as distancias autorizadas de forma efectiva.

A non resolución expresa terá efectos desestimatorios.

#### Capítulo V

Restablecemento da legalidade.

#### **Artigo 19. Compatibilidade.**

As responsabilidades administrativas que resulten do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada ó seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e prexuízos causados.

Non obstante, a retirada das instalacións ilegais ou a suspensión do seu funcionamento poderá acordarse como medida cautelar, sempre que as circunstancias así o requiran e se motive esta suspensión en base á seguridade das persoas e cando as normas de convivencia e vecindade así o fagan imprescindible, ó tempo de dispoñerse a iniciación do correspondente procedemento sancionador.

#### **Artigo 20. Instalacións sen licenza.**

O concello poderá ordenar a retirada, de forma cautelar e inmediata, das terrazas ou calquera elemento auxiliar, instaladas sen licenza en vía ou espazo público, e proceder ó seu depósito en lugar designado para elo, a costa da persoa responsable, sen prexuízo da imposición das sancións regulamentarias.

A ocupación de solo de uso público sen licenza mediante estas instalacións considerase infracción e, con independencia da desmontaxe e retirada de toda a instalación, poderán serlle impostas á persoa responsable as sancións previstas na normativa vixente, previa a instrución do correspondente expediente.

A permanencia de terrazas, trala finalización do período amparado pola licenza será asimilada, ós efectos disciplinarios, á situación de falla de autorización municipal, así como o incumprimento do prazo de adaptación que se fixe nesta ordenanza para as terrazas preexistentes.

#### **Artigo 21. Exceso de elementos ou superficie sobre o autorizado.**

O disposto no artigo anterior será aplicable ós elementos de mobiliario ou calquera outro, incluídos os equipos de produción ou reprodución sonora e/ou visual e máquinas de xogo ou expendedoras automáticas, que non estén contemplados na correspondente autorización ou que excedan dos termos permitidos, elo sen prexuízo da posible revocación da licenza outorgada.

#### **Artigo 22. Revogación.**

En todo caso, as licenzas que se outorguen para a implantación de calquera instalación prevista nesta Ordenanza serán a precario e condicionadas ó cumprimento das prescricións e medidas correctoras establecidas na mesma, podendo disporse a súa revogación en caso de incumprimento, sen prexuízo da facultade revocatoria xustificada por esixencias do interese público.

De acordarse a revogación en calquera dos casos indicados, requirirá no mesmo acto ó titular da instalación para que proceda á súa retirada no prazo que se lle indique, sen dereito a indemnización, e con apercibimento de que, en caso de incumprimento, se disporá a realización á súa costa polos servizos municipais.

## Capítulo VI

Infraccións e sancións.

### **Artigo 23. Infraccións.**

Son infraccións a esta Ordenanza as accións ou omisións que contraveñan o disposto na mesma.

### **Artigo 24. Suxeitos responsables.**

Serán responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas titulares das instalacións.

### **Artigo 25. Clasificación das infraccións.**

As infraccións desta Ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

– Son infraccións leves :

- A falta de ornato ou limpeza da instalación ou do seu entorno.
- A falta de exposición en lugar visible para os usuarios, veciñanza e axentes da autoridade do documento de licenza e do plano de detalle.
- Almacenar ou apilar produtos, envases ou residuos na zona de terraza ou en calquera outro espazo da vía ou espazo público.
- A non adopción das medidas necesarias para que os usuarios da terraza non invadan as zonas de paso establecidas nin ocupen máis espazo do autorizado..
- O incumprimento de calquera outra obriga prevista nesta Ordenanza que non sexa constitutiva de infracción grave ou moi grave

– Son infracciones graves :

- A comisión de tres infraccións leves en un ano.
- O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis de 1 hora.
- A instalación de elementos non previstos na licenza ou en número maior dos autorizados.
- A ocupación de superficie maior á autorizada en máis do dez e menos do vintecinco por cento ou o incumprimento de outras condicións da delimitación.
- A produción de molestias acreditadas á veciñanza ou transeúntes derivadas do funcionamento da instalación.
- A instalación de instrumentos ou equipos musicais ou outras instalacións non autorizadas ou fora do horario no caso de que se puidesen ter autorizadas.
- O deterioro de elementos do mobiliario urbano ou ornamental como consecuencia da terraza.
- O incumprimento da obriga de retirar elementos da terraza, cando proceda.
- A colocación de publicidade sobre os elementos de mobiliario sin axustarse ó disposto nesta ordenanza.

– Son infraccións moi graves :

- A comisión de tres faltas graves nun ano.
- A ocultación, manipulación ou falsidade dos datos ou da documentación aportada en orden á obtención da correspondente licenza.
- A carencia do seguro obrigatorio.
- A instalación de terrazas sin autorización ou fóra do período autorizado.
- A cesión da explotación da terraza a persoa distinta do titular.
- O servizo de produtos alimentarios non autorizados.
- A ocupación de superficie maior á autorizada en máis do vintecinco por cento.
- O incumprimento da orde de suspensión inmediata da instalación.
- A produción de molestias graves á veciñanza ou transeúntes derivadas do funcionamento da instalación por incumprimento reiterado e grave das condicións establecidas nesta ordenanza.
- A celebración de espectáculos ou actuacións non autorizados de forma expresa.

- A falta de consideración ó persoal municipal ou a axentes da autoridade, cando interveñan por razón do seu cargo, ou a negativa ou obstaculización á súa labor inspectora, así como a negativa a recoller a terraza ou elementos da mesma, unha vez requeridos ó efecto polo concello.
- O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis de dúas horas.

#### **Artigo 26. Sancións.**

A comisión das infraccións previstas nesta Ordenanza levará aparelada a imposición das seguintes sancións:

- As infraccións leves sancionaranse con multa entre 100 e 300 Euros.
- As infraccións graves sancionaranse con multa entre 301 e 600 Euros.
- As infraccións moi graves sancionaranse con multa entre 601 e 1.800 Euros.

A comisión das infraccións graves e moi graves poderá levar aparelada a imposición da sanción de revogación da licenza, e a comisión de infraccións moi graves tamén a de inhabilitación para a obtención de licenzas desta natureza por un período de ata cinco anos.

#### **Artigo 27. Circunstancias modificativas da responsabilidade.**

Para a modulación das sancións atenderase á existencia de intencionalidade ou reiteración, natureza dos prexuízos causados, reincidencia pola comisión no termo de un ano de outra infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme e ó beneficio obtido coa súa realización.

#### **Artigo 28. Procedemento.**

A imposición das sancións requirirá a previa incoación e instrucción do procedemento correspondente, o cal se sustanciará con arranxo ó disposto na lexislación xeral sobre procedemento administrativo común e o seu regulamento de desenvolvemento.

O acordo de iniciación poderá ordenar a adopción de medidas provisionais que resulten necesarias para garantir a eficacia da resolución que poidera recaer, tales como a retirada das instalacións ilegais ou a suspensión do seu funcionamento.

#### **Artículo 29. Órgano competente.**

O órgano competente para a incoación e resolución dos procedementos sancionadores será o alcalde ou persoa en quen delegue.

#### **Artigo 30. Prescripción.**

Os prazos de prescripción das infraccións e sancións serán os previstos na lexislación xeral sobre procedemento administrativo común.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Os establecementos que a data actual teñan instalada algún tipo de terraza en via ou espazo público deberán proceder á súa regularización conforme a esta ordenanza no prazo máximo de 1 ano.

#### **DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

A partir da entrada en vigor da presente ordenanza quedarán derogadas todas cantas disposicións municipais se opoñan á mesma.

#### **DISPOSICIONS FINAIS**

**Primeira.** A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación directa nos seus termos a todos os establecementos que contén con terraza, con independencia de que a mesma estea ou non legalizada.

**Segunda.** Autoriza expresamente á Alcaldía para o outorgamento de licenzas, a interpretar, aclarar e desenvolver a presente Ordenanza, conforme ós principios recollidos na vixente lexislación

Barreiros, 29 de xullo de 2025.- A Alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 2195

**BÓVEDA**

*Anuncio*

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de crédito 2/2025- expediente de suplemento de crédito- dentro do vixente Orzamento por importe de **70.400,00 €** (setenta mil catrocentos euros), ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público daquel (BOP nº 151, de data